



El jefe de Servicio Provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense informa lo siguiente:

1º.-Que el 9 de noviembre de 1977, el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común tomó el acuerdo de clasificar como tal el denominado " De Cualedro", consorciado parte del mismo el 23 de mayo de 1955 junto con otros montes vecinales, bajo el nombre de "Fraga de Penedos" (OR-2083) del ayuntamiento de Cualedro.

2º.-Que el 2 de agosto de 1998, la comunidad de Cualedro tomó el acuerdo de solicitar de la Consellería de Medio Ambiente que se rescinda el consorcio vigente (OR-2083) en la parte que les pertenece, para su transformación a convenio.

3º.- Que la superficie original del consorcio era de 409,1 Has hasta el año 1997 en que se segregó el monte "De Montes" de 134,2 Has, pasando a tener a partir del año siguiente una superficie de 274,9 Has. En el año 1999 se segrega el monte de "Lamas" de 23 Has. La superficie que corresponde a los vecinos de Cualedro de este consorcio es de 38,5 Has.

A la hora de distribución de ingresos y gastos habrá que considerar dos coeficientes de distribución, uno hasta 1997 de 0,094 (38,5 Has/409,1 Has), y otra para los años 1997 y 1998 de 0,140 (38,5 Has/274,9 Has). En el año 1999 no hay ni ingresos ni gastos, por lo que se incluye en éstos para facilitar las cuentas, aunque la superficie sea menor al segregarse el monte de Lamas.

Una vez aprobado este convenio la superficie restante del consorcio Fraga de Penedos será de: 274,9 Has menos 23 Has del convenio del monte de Lamas del año 1999 y menos las 38,5 Has de este convenio. Lo que nos da una superficie de 213,4 Has.

4º- Que al nuevo convenio del monte **CUALEDRO 321-55169** pasan:

38,5 Has del monte vecinal consorciado.
19 Has de superficie repoblada de P.pr.
19,5 Has de superficie rasa
Enclavados: uno de 1,7 Has

5º.- Que el estado de cuentas del consorcio "Fraga de Penedos" OR-2083 desglosado desde la firma del consorcio al año 1999 inclusive.



GASTOS:

De 1955 a 1977 =	1.260.851,8 Ptas.	
De 1978 a 1993 =	24.497.399 Ptas.	
	(COFINANCIADO XUNTA)	(COFINANCIADO U.E)
De 1994 a 1996 =	2.790.571,85 Ptas.,	7.356.962,15 Ptas.
De 1997 a 1999 =	591.006,35 Ptas.	1.558.107,65 Ptas.

INGRESOS:

De 1955 a 1977 =	26.011,04 Ptas.
De 1978 a 1996 =	3.505.331 Ptas.
De 1997 a 1999 =	3.196.301 Ptas.

6º.- Que el estado de cuentas del monte "De Cualedro", integrado por el consorcio OR-2083. Para la obtención de éste será preciso multiplicar los ingresos y gastos por los coeficientes; 0,094 (De 1955 a 1996) y 0,140 (De 1997 y 1999).

A) De 1955 a 1977

GASTOS : 1.260.851,8 Ptas. x 0,094	118.520,06 Ptas.
GASTOS ADMINISTRACIÓN : 7,85%	9.303,82 Ptas.
GUARDERÍA: 38,5 Has x 645 Ptas/Has.....	24.832,50 Ptas.
TOTAL.....	152.656,38 Ptas.

Ingresos de 1955 a 1977 = 26.011,04 Ptas. x 0,094 = 2.445, 03 Ptas.

SALDO = INGRESOS - GASTOS = 2,445,03 Ptas. - 152.656,38 Ptas. = -150.211 Ptas.

El saldo es negativo pero por aplicación de la Disposición segunda de la Ley 13/89 del 10 de Octubre del Parlamento de Galicia sobre Montes Vecinales en Mano Común, se condona la deuda que posea en el momento de la clasificación del monte.

B) De 1978 a 1999

Gastos de 1978 a 1993: 24.497.399 Ptas. x 0,094 = 2.302.755,50 Ptas.



Gastos de 1994 a 1996: 2.790.571,85 Ptas. x 0,094	=	262.313,75 Ptas.
Gastos de 1997 a 1999: 591.006,35 Ptas. x 0,140	=	82.740,88 Ptas.
SUBTOTAL GASTOS		2.647.810,13 Ptas.

GASTOS ADMINISTRACIÓN :7,85% / SUBTOTAL	207.853,09 Ptas.
GASTOS DE GUARDERÍA: 38,5 Has x 1.210 Ptas/Has....	46.585,00 Ptas.

TOTAL	2.902.248,22 Ptas.
--------------------	---------------------------

Ingresos de 1978 a 1996: 3.505.331 Ptas. x 0,094	329.501,11 Ptas.
Ingresos de 1997 1999: 3.196.301 Ptas. x 0,140	447.482,14 Ptas.

TOTAL ...	776.983,25 Ptas.
------------------	-------------------------

SALDO = Ingresos- Gastos = 776.983,25 Ptas. -2.902.248,22 Pesetas a favor de la Xunta de Galicia.

Por todo ello, **proponemos:**

PRIMERO.- Que se apruebe el convenio con las siguientes características:

Nombre : **CUALEDRO**

Elenco: 321-55169

Superficie: 38,5 ha (19 repobladas y 19,5 rasas)

Pertenencia: Vecinos de Cualedro

Término municipal: Cualedro

A contabilizar como subvención: 50%

A contabilizar como anticipo: 50%

Intereses sobre el anticipo: 1%

Participación de la Comunidad en el vuelo creado: 70%

Participación de la Consellería en el vuelo creado: 30%

Saldo inicial de la cuenta de gastos del convenio: **2.125.265 Pesetas a favor de la Xunta de Galicia.**

SEGUNDO.- Que en lo sucesivo el consorcio OR-2083 tenga las siguientes características:

Nombre: "FRAGA DE PENEDOS"

Elenco: OR-2083



Superficie: 213,4 Has.

Pertenencia: Vecinos de Penaverde, San Martín y Carzoá


Termino municipal: Cualedro

A descontar de la cuenta de gastos: 2.766.330,19 Ptas.

A descontar de la cuenta de ingresos: 779.428,28 Ptas.

Santiago de Compostela, 12 de xullo de 2000.

**O Subdirector Xeral de Montes
e Industrias Forestais,**



Plácido Baamonde López.

**Visto e prace
O Director Xeral,**



Tomás Fernández-Couto Juanas.

**Excmo. Sr. Conselleiro de Medio Ambiente.
Santiago de Compostela.-**



INFORME M.V.M.C. CUALEDRO - 32155169

CONSULTA: Conveniencia ou non de atende-la petición da Comunidade do Monte Vecinal en Man Común "Cualedro" no concello de Cualedro (Ourense) para transformar de consorcio a convenio o M.V.M.C. denominado "Cualedro".

Con data 11 de xullo de 2000 ten entrada na Dirección Xeral de Montes e M.A.N. expediente remitido pola Delegación Provincial de Ourense para transformar de consorcio a convenio o M.V.M.C. denominado "Cualedro" de 38,5 has procedente do monte consorciado "Fraga de Penedos" OR-2083.

Vista a solicitude de 16 de outubro de 1999 de D. Paulino Domínguez Rodríguez, en calidade de presidente da xunta rectora da C.M.V.M.C. do monte Cualedro, que é quen solicitou o inicio do expediente;

Vista a aceptación das cláusulas do novo convenio pola comunidade antedita en certificación do seu secretario de 22 de xuño de 2000;

Vistas as certificacións do Xefe de servizo de Montes e Industrias Forestais de Ourense de datas 23 de novembro de 1999 e 8 de marzo de 2000, e o informe de 8 de marzo de 2000 favorable á petición,

e vistos os artigos 49 e seguintes do Real Decreto 1279/1978, que aproba o Regulamento da Lei de fomento da produción forestal, así como a Lei 13/1989, do 10 de outubro de montes veciñais en man común e o Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro de montes veciñais en man común,

INFORMO favorablemente á petición, considerando concorrente a vontade das partes; informe sometido a criterio mellor fundado. Non se ponen en cuestión nin a propiedade dos terreos nin as valoracións de tipo económico.

Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2000



Asdo.: Ignacio García de los Huertos Vidal
(Sección Xurídica)



Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola súa sección xurídica e polo xefe do servizo provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aproba-lo convenio coas seguintes características:

Nome : **CUALEDRO**

Elenco: 321-55169

Superficie: 38,5 ha (19 repobladas e 19,5 rasas)

Pertenza: Veciños de Cualedro

Concello: Cualedro

A contabilizar como subvención: 50%

A contabilizar como anticipo: 50%

Xuros sobre o anticipo: 1%

Participación da Comunidade no voo creado: 70%

Participación da Consellería no voo creado: 30%

Saldo inicial da conta de gastos do convenio: **2.125.265 pesetas a favor da Xunta de Galicia.**

SEGUNDO.- Que no sucesivo o consorcio OR-2083 teña as seguintes características:

Nome: "FRAGA DE PENEDOS"

Elenco: OR-2083

Superficie: 213,4 Has.

Pertenza: Veciños de Penaverde, San Martín e Carzoá

Concello: Cualedro

A descontar da conta de gastos: 2.766.330,19 pesetas.

A descontar da conta de ingresos: 779.428,28 pesetas.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de Reposición con carácter potestativo ante o Conselleiro de Medio Ambiente no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente o recurso Contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, prazos que comezarán a contar a



partir do día seguinte ó da recepción da notificación, de acordo co disposto nos artigos 107, 109, 116 e 117 da Lei 4/99 de modificación da Lei 30/92, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e nos artigos 10 e 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo da xurisdicción contencioso-administrativa, ou exercer calquera outro que estime pertinente.

Santiago de Compostela, 21 de agosto de 2000.

O CONSELLEIRO
(por Orde do 12-01-98)

O Secretario Xeral,



José Luis Aboal García-Tuñón.

Ilmo. Sr. Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural.
Santiago de Compostela.-

C O N V E N I O

N.º	321	55169
-----	-----	-------

En Santiago de Compostela, a vinteún de agosto de dous mil. ~~de mil novecientos~~
~~noventa e~~ ..

R E U N I D O S

Dunha banda, D. CARLOS DEL ALAMO JIMENEZ, Conselleiro
de Medio Ambiente, en virtude da representación que legalmente ostenta.

Da outra, D. PAULINO DOMINGUEZ RODRIGUEZ como representante
da comunidade propietaria do monte veciñal en man común DE CUALEDRO,
segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

E X P O Ñ E N

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

O abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, do 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279178, do 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69184, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.- O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas
do 23 DE MAYO DE 1.955
para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2ª, quedando anulado este Consorcio na parte
afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a
conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de
melloras do monte.

~~d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do territorio forestal, a independencia do~~
~~Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade promotora dos mesmos, de non existir.~~

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.- Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a COMUNIDAD VECINAL DE CUALEDRO

e son os que a continuación se describen:

Denominación: DE CUALEDRO

Termo municipal: CUALEDRO

Provincia: ORENSE

Situación administrativa e legal MONTE VECINAL EN MANO COMUN

Límites:

N.: TERMINO DE S. ANDRES DEL MUNICIPIO

S.: TERMINO Y MONTE DE CARZOA Y MUJIMENTA DE LA PARROQUIA DE VILELA

L.: TERMINO Y MONTE DE PENVERDE Y MONTE DE VECINOS DE MONTE

O.: MONTES DE CUALEDRO

Superficie: 38,5 HAS.

Estado forestal: REPOBLADAS 19 HAS. Y 19,5 PASAS

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan:

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula:
19 HAS.

Sen vexetación arbórea: Servidumes: 19,5 HAS.

3ª.- O chan continuará pertencendo a VECINOS DE CUALEDRO

que achega ó convenio:

a) A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.

b) Os terreos descritos na cláusula segunda.

~~c) O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (si non se se non existe).~~

4ª.- A Consellería de Medio Ambiente aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o CINCUENTA por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante CINCUENTA por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do UNO por cento anual.

5ª.- Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acreedor resultante de actualiza-las contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferencia entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Medio Ambiente, e os ingresos desta considerarase anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: EL DENOMINADO FRAGA DE PENEDOS OR-2083

6ª.- As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Medio Ambiente.

7ª.- Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o TREINTA por cento será para a Consellería de Medio Ambiente, e o SETENTA por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Medio Ambiente recibirá o _____ por cento, e a comunidade propietaria, o _____ por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Medio Ambiente excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregárase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.- En caso de incendio, a Consellería de Medio Ambiente procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuindo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.- o presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería de Medio Ambiente, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Medio Ambiente asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscribible no Rexistro da Propiedade.

10ª.- A duración deste convenio será por un período de OCHENTA anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería de Medio Ambiente, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que subistentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogárase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Medio Ambiente se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerárase este tácitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalguna das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Medio Ambiente do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.- Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Medio Ambiente, se esta o precisar.

12ª.- A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será _____

Pinus Sylvestris

13ª.- O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Medio Ambiente interpretará e resolverá todas as cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Dona Miriam Areal López. -----, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.—Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común DE CUALEDRO, clasificado en data 9 de novembro de 1977, a favor dos veciños de Cualedro, Concello de Cualedro. -----

2.—Que, así mesmo, figura Don PAULINO DOMINGUEZ RODRIGUEZ -----, e Don D. ENRIQUE M. TABOADA SARASQUETE -----, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, dende 18 de marzo de 2000 ata 18 de marzo de 2004. -

E para que conste, expido a presente certificación a 28 de Xuño de 2000



Don ENRIQUE M. TABOADA SARASQUETE -----, Secretario de XUNTA RECTORA DEL MONTE DE CUALEDRO

CERTIFICO : Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día 21 DE JUNIO DE 2000 estando designado Don PAULINO DOMINGUEZ RODRIGUEZ representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en CUALEDRO a 22 de JUNIO de mil novecientos noventa e 2000 .

O SECRETARIO,

Visto e prace,

O PRESIDENTE

Asdo. : PAULINO DOMINGUEZ RODRIGUEZ

Asdo. : D. ENRIQUE M. TABOADA SARASQUETE

Don TOMÁS FERNÁNDEZ-COUTO JUANAS -----, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.

Pola propiedade,



SECRETARIO XERAL
Asdo. : José Luis Aboal García - Tuñón
Pola Consellería de Medio Ambiente,